

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

PREMIO BLANCO AMOR 2007

Todas as cidades de Inma López Silva

A autora presentou a súa novela 'Memoria de cidades sen luz' no Casino de Santiago de Compostela.

Marcos S. Pérez - 11:15 18/12/2008

Inma López Silva [gañou o Blanco Amor 2007](#) con *Memoria de cidades sen luz* ([Galaxia](#)), unha novela que percorre a historia de Europa, dende a A Coruña até París, antes e despois das guerras. Este mércores presentou o libro no Casino compostelán, acompañada de Encarna Otero ou Víctor Freixanes. [Memoria de cidades sen luz](#) é unha novela narrada en primeira persoa, mais é claramente unha novela de personaxes, de persoas guiadas polo medo, por exemplo o do rapaz que sendo cativo ve como asasinan a toda a súa familia, o a constante lembranza da guerra e do asasinato de [Ánxel Casal](#).

Ánxel Casal, María Miramontes, María Casares, Casares Quiroga..., todos eles aparecen na novela. [Inma López Silva](#) invéntalles unha vida paralela á vida que coñecemos a través da historia. "Gústame contar a historia dende un punto de vista libre", di a autora: "é o que nos queda aos escritores: imaxinar o que non conta a historia; por exemplo neste caso quixen imaxinar que Ánxel Casal tiña máis vida ca que aparece nos libros de historia. Os escritores contamos vidas". A novela como espazo de verosimilitude. Inma López Silva mesmo bromeou na presentación co "medo a que veña falar comigo algún parente de Ánxel Casal e lle pareza mal o que escribín. Pero creo que non -continuou- conto unha historia de amor, unha historia moi bonita".

A guerra civil é o punto de partida; está sempre presente porque marca a vida das persoas, aínda que pasen anos e aínda que estean lonxe. López Silva reclama o dereito da súa xeración a contar a súa visión da guerra civil: "achegámonos a esa época coa vontade de fácelo, cun interese persoal que non ten que ver con vinganzas ou axustes de contas. E facémolo dende a ficción, porque hai unha parte da emoción que xeran aqueles acontecementos que ten que ser recollida dende a literatura, e que o ensaio non podería reflectir".

Novela de cidades

É tamén unha novela de cidades, de todas as cidades de Inma López Silva: París, Nova York, Santiago, A Coruña: "tiña unha débeda pendente coa Coruña, que está moi presente na novela; quería recoller o cosmopolitismo que se respiraba alí nos anos trinta, que contradí a imaxe que sempre se ten da Galiza daqueles anos como país rural". "Escribín a novela que a min me gustaría ler; quería eliminar as filigranas estéticas e facer un relato, no sentido máis clásico, unha novela que enganchase", explica. A autora di tamén que coa publicación deste libro pechou un ciclo: "agora podo escribir outras cousas".

Víctor Freixanes salientou que a novela ten a "marca Blanco Amor", unha consideración que agradou á autora, que destacou a súa satisfacción por compartir este recoñecemento "con escritores aos que sempre admirei, como Suso de Toro, Caneiro ou o propio Freixanes". Pola súa banda, Encarna Otero, fixo fincapé na "liberdade que se respira en toda a novela", tamén nas opcións sexuais escollidas por cada personaxe, "todos aman con total liberdade; é agradábel ler a visión dunha moza nova, libre, non puritana".

- ["Preséntome aos premios para ter unha visión da miña obra dende fóra"](#) (Entrevista concedida por Inma López Silva a Vieiros o 7 de abril, xusto despois de gañar o premio)